



Campaña de sensibilización en emerxencias marítimas no sector pesqueiro

## «A PREVENCIÓN, O MELLOR SALVAVIDAS»

Vigo, setembro de 2016

# SS

Campaña de Sensibilización

**Emerxencias marítimas  
no sector pesqueiro**



**FUNDAMAR**  
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

Co financiamento de:  
**XUNTA  
DE GALICIA**

Os accidentes marítimos dos últimos anos no sector pesqueiro galego requiren da adopción de medidas orientadas a reducir este tipo de sinistros: a información, a formación, a divulgación e a sensibilización son elementos básicos para garantir a seguridade e saúde dos traballadores do sector. A campaña «A prevención, o mellor salvavidas» permite dar a coñecer a *Guía de boas prácticas sobre emerxencias marítimas no sector pesqueiro de Galicia*, que analiza as principais situacións de emerxencias, as súas causas e consecuencias, así como recomendacións de mellora e propostas que incidan na redución deste tipo de sinistros mediante boas prácticas sobre emerxencias marítimas.

Os accidentes marítimos derivan principalmente en afundimentos, abordaxes e incendios. Se ben son moitas as causas que provocan este tipo de sinistros, as relativas á xestión das emerxencias son as máis frecuentes, sen esquecer as relacionadas coa organización do traballo, factor persoal e condicións dos espazos de traballo (buque e contorno).

Os requisitos mínimos de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca están directamente relacionados cos metros de eslora da embarcación e, nalgúns casos, tamén co tipo de pesca: local, litoral, de altura e de grande altura.

O Código Internacional de dispositivos de salvamento (código IDS) é o que establece os requisitos dos dispositivos de salvamento e protección que deben ir nas embarcacións, diferenciando tamén entre pesca de grande altura, altura, litoral e local.

Cando as embarcacións dispoñan de cinco ou máis tripulantes a bordo, contarán cun cadro de obrigas para situacións de emerxencia elaborado por Capitanía Marítima.



## FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo



A implicación de armadores e tripulación é vital para loitar contra os accidentes marítimos.



Ante un accidente, é tan importante saber o que facer, coma o que non facer.



Os principais factores relacionados con estes sinistros son:

- ✓ A carencia de Sistema de Xestión de Seguridade no sector pesqueiro.
- ✓ A combinación dos seguintes elementos durante a xestión da emerxencia como principal causa: falta de familiarización cos procedementos de actuación, abandono de chalecos salvavidas, demora ao solicitar auxilio ou non emprego do SMSSM e falta de realización de exercicios periódicos.
- ✓ As condicións de mantemento, localización e accesibilidade dos medios de extinción e equipos de salvamento non sempre son as máis idóneas.
- ✓ As carencias formativas relacionadas coa xestión da emerxencia, o funcionamento ou localización de equipos de extinción ou medios de salvamento e o uso inadecuado de equipos de protección individual.
- ✓ As xornadas de traballo prolongadas, as operacións inadecuadas cos sistemas de pesca e o exceso de confianza.

Facilítanselles aos profesionais do sector tres trípticos e un caderno informativo, co fin de lles proporcionar orientacións útiles sobre a seguridade a bordo dos buques de pesca. O caderno inclúe recomendacións prácticas dirixidas ao armador, patrón de pesca e tripulación, e os trípticos, recomendacións sobre a seguridade a bordo dos buques de pesca, as emerxencias marítimas e primeiros auxilios.

## Xornada inicial e xornadas informativas

**A campaña «A prevención, o mellor salvavidas» comezará cunha XORNADA INICIAL no Porto de Vigo para presentar os principais resultados da *Guía de boas prácticas sobre emerxencias marítimas no sector pesqueiro de Galicia e* continuará con XORNADAS INFORMATIVAS de concienciación e divulgación nos principais portos galegos.**